



CUADRANTE



Revista cultural da
«Asociación Amigos de Valle-Inclán»

O VALLEINCLANISMO NA CULTURA GALEGA (II)

VALLE-INCLÁN EN GALEGO

VALLE-INCLÁN E A «SOCIEDAD DE LOS AMIGOS DE GALICIA»

EL MAR AROSANO EN VALLE-INCLÁN

O CINEMA E O RETABLO DE VALLE-INCLÁN

*MÁS ALLÁ DE LA ADAPTACIÓN. PRESENCIA DE VALLE-INCLÁN
EN EL CINE ESPAÑOL*

DEL CINE Y SUS ALREDEDORES EN VALLE-INCLÁN

VALLE-INCLÁN: LA DISPARIDAD DE LO TRÁGICO



Vilanova de Arousa

CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9
VILANOVA DE AROUSA
APARTADO DE CORREOS Nº 66
Xullo de 2004

Director:
Gonzalo Allegue

Subdirector:
Francisco X. Charlín Pérez

Secretario de Redacción
Víctor Viana

Consello de Redacción:
Xosé Luis Axeitos
Ramón Martínez Paz
Xaquín Núñez Sabarís
Xosé Lois Vila Fariña
Ramón Torrado

Xestión e administración:
Pablo Ventoso Padín
Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:
Marcela Santórun (*ilustración capa*)
Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

Deseño e maquetación:
Nieves Loperena

Imprime:
Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.S.N.: 1698-3971

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.

SUMARIO:

Xosé Luis Axeitos:
O valleinclanismo na cultura galega (II) pax. 5

Francisco X. Charlín Pérez:
Valle-Inclán en galego.....pax. 12

Xoán Guitián:
Valle-Inclán e a «Sociedad de los Amigos de Galicia».....pax. 33

Jesús Blanco García:
El mar arosano en Valle-Inclán.....pax. 43

Eulogio R. Ruibal:
O cinema e o Retablo de Valle-Inclán.....pax. 54

José Luis Castro de Paz:
Más allá de la adaptación. Presencia de Valle-Inclán en el cine español.....pax. 64

Luis Miguel Fernandez:
Del cine y sus alrededores en Valle-Inclán.....pax. 76

Juan A. Hernández Les:
Valle-Inclán: la disparidad de lo trágico.....pax. 86



*Cuadrante é membro de ARCE,
(Asociación de Revistas Culturais de España).*



VALLE-INCLÁN EN GALEGO

Francisco X. Charlín Pérez

En xaneiro de 1919, o periódico decenal *A Nosa Terra* (*Idearium das Irmandades da Fala*) publicou en tres números consecutivos outros tantos contos de Valle-Inclán traducidos ao galego. No número 77 correspondente ao día 6 de xaneiro ve a luz a tradución de «Malpocado»; no seguinte número con data do día 15, ofréceselles aos lectores «O Medo» e por último, no número 79, derradeiro exemplar dese mes, aparece a traslación de «Un cabecilla».¹

Estas tres traducións foron e continúan a ser as únicas que —de xeito «oficial»— se teñen feito da obra do escritor galego á lingua de Galicia, circunstancia esta que as dota dunha especial singularidade. Se a isto engadimos o feito de que estamos non ante tres traslados textuais normais, mecánicos, case rutinarios, a unha lingua estandarizada, vehículo de comunicación normalizada de ámbito nacional ou internacional, senón diante dun caso de tradución militante a un idioma minorizado, en situación de diglosia² e conflito lingüístico³

con respecto, precisamente, á lingua da que proceden os textos, os contos publicados en *A Nosa Terra* cobran un grande interés. En efecto, un dos obxectivos fundamentais para as Irmandades da Fala era iniciar un proceso de normalización do idioma que superase o reducido papel de lingua poética e folklórica que se lle tiña asignado na cultura lingüística rexionalista, e un medio para conseguilo era precisamente o de elevar o seu estatus social demostrando, mediante traducións de textos literarios doutras linguas, que era un instrumento apto para calquera tipo de función comunicativa.

Ademais, o interés que ofrecen estes contos aumenta, se consideramos as dificultades que existen para a tradución ao galego, derivadas da inexistencia neste momento dun código estandarizado⁴, coa conseguinte ausen-

— — —

«diglosia», antes enunciado por Ferguson (1959), considera a esta como a distribución desigual de uso e prestixio social que dúas linguas teñen nun mesmo territorio.

³ Considerase habitualmente como «conflito lingüístico», á toma de conciencia que nun momento dado pode aparecer no seo dunha comunidade ou país, sobre a situación de inferioridade social e política dunha lingua con respecto á que comparte o mesmo espazo xeográfico con ela. Así, por exemplo, no caso do galego, aínda que o desprazamento deste polo castelán como lingua «oficial» escrita, tanto nos usos administrativo e político como no de lingua literaria, se produce no século XVI, a reacción a este proceso, é dicir a aparición do conflito lingüístico, non se produce ata comezos do século XIX, cando xorde o movemento literario que Murguía catalogaría con posterioridade co nome de Os Precursores.

⁴ Cando o galego reaparece como lingua escrita no século XIX, a carencia dunha tradición literaria inmediata provoca que os escritores desta centuria se limiten a reproducir a fala popular —único modelo posible dada a carencia de referencias literarias nos tres séculos precedentes—, coa rémora de vulgarismos e dialectalismos que acompañan a

¹ Valle-Inclán reside por este tempo na Pobra do Caramiñal, no Casal da Merced, desde onde o 19 de xaneiro de 1919 envía unha nota a Tanis de la Riva. (ver: VIANA, Víctor y TORRADO, Ramón: «Epistolario entre Valle-Inclán y Tanis de la Riva». *Cuadrante* n° 5. Vilanova de Arousa. 2002.

En decembro de 1918 aparece a primeira tradución ao inglés de «La Cabeza del Dragón», por May Haywood Brown. «Poet Love». Boston. (HORMIGÓN, Juan Antonio: *Valle-Inclán. Cronología. Escritos dispersos. Epistolario*. Fundación Banco Exterior. Madrid, 1989 (px.53).

² Seguimos a definición que deste témino fai Calvet (1987) (ver: CALVET, Louis-Jean: *A guerra das linguas*. Ed. Laiovento. Santiago de Compostela. 1995.), quen retomando a reformulación que Fishman (1967) fai do concepto

cia dunha norma gráfica clara, así como duns cultivos tanto terminolóxico como estilístico o suficientemente amplos como para dar cabida aos distintos matices connotativos que se presentan nun texto literario, carencias todas que o traductor debía compensar con pericia e intuición e mesmo con improvisación.

Mais para aquilatar a importancia que estes contos traducidos poidan ter tanto no corpus bibliográfico valleinclaniano coma na evolución funcional do galego escrito, cómpre que analicemos antes as características da publicación na que aparecen.

A NOSA TERRA

Para coñecer a historia do tardorexionalismo e do nacionalismo galegos no século XX resulta imprescindible seguir os pasos desta cabeceira periodística, dado que desde a súa

— — —
este modelo lingüístico-literario. Así o recoñecía Rosalía no Prólogo a *Cantares Gallegos* (1863): «n'habendo deprendido en máis escola que a dos nosos probes aldeáns, guiada sólo por aqueles cantares, aquelas palabras cariñosas e aqueles xiros nunca olvidados que tan dosemente resoaron nos meus oídos desde a cuna e que foran recollidos polo meu corazón como harenca propia». É esta etapa, a que se ten catalogado co rótulo de fase interdialectal.

Xa no século XX é cando, primeiro coas Irmandades da Fala (1916) e pouco despois coa Xeración Nos (1920) se da un salto, tanto cuantitativo como cualitativo, na expansión do uso do galego a novos xéneros literarios (cultivo da prosa e do ensaio) e a todo tipo de situacións comunicativas —entre elas a de ser receptora de textos traducidos doutras linguas— superando a situación reductiva de lingua para a poesía e para a prosa de tema folklórico e costumista que ata ese momento lle era asignada. Sen embargo e a pesar de tímidos logros como a desaparición nos textos de gran número de dialectalismos (etapa supradialectal) ou a ampliación do léxico con cultismos, arcaísmos, lusismos e outros préstamos, este avance non se traduciu na consecución dun modelo estándar de lingua.

Esta carencia de estándar determina a ausencia do fundamental proceso de «automatización» que á súa vez provoca o de «desautomatización», isto é, o que «abre a posibilidade de facer un uso conspicuo do idioma, de empregar os seus recursos dun xeito que chamen a atención sobre o propio instrumento lingüístico, converténdoo en parte sustancial da mensaxe» (MONTEAGUDO, Henrique: «Aspectos da teoría da lingua estándar do Círculo Lingüístico de Praga e os seus continuadores» en revista *Grial*. n.º 122. Vigo. 1994.

aparición ata a actualidade, foi recollida a modo de relevo polos principais movementos e partidos que se situaron en ambas coordenadas ideolóxicas definidas polo galeguismo.⁵

Nace no ano 1907 vencellada ao movemento agrarista e rexionalista Solidaridad Gallega. Tras desaparecer ao ano seguinte é recuperada en 1916 como voceiro polas recién nacidas Irmandades da Fala, abrindo unha nova e diferente etapa na que se autodefine como periódico nacionalista. Sen deixar de editarse en ningún momento, pasa a ser en 1932 o boletín do recién creado Partido Galeguista ata que se ve obrigado a interromper a súa publicación o 17 de xullo de 1936, cando ía polo número 422, a causa da sublevación militar que marca o inicio da Guerra civil. Xa no exilio de América aparece de xeito discontinuo durante vintecinco anos conseguindo poñer na rúa cen números e finalmente, nunha cuarta xeira, reaparece en 1978 como medio vinculado ao nacionalismo de esquerda que se aglutina en torno ao Bloque Nacional-Popular Galego. Permanece na actualidade como semanario afín ao Bloque Nacionalista Galego.

Sen embargo, de toda esta longa e complexa traxectoria, unicamente nos interesa reparar agora nas dúas primeiras etapas para valorar ata qué punto estas traducións dos contos de Valle-Inclán son consecuencia da nova concepción lingüística e política que nace en 1916 no seo do galeguismo coa aparición das Irmandades da Fala.

ETAPA REXIONALISTA DE SOLIDARIDAD GALLEGA

O rótulo *A Nosa Terra* aparece por primeira vez o 4 de Agosto de 1907 encabe-

⁵ Ver voz «*Nosa Terra, A*» de Margarita Ledo Andión en *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago-Gijón.1974.



A Nosa Terra, 1907

zando un periódico semanal, que dirixe na Coruña Euxenio Carré Aldao⁶.

Xorde como resultado da integración dos rexionalistas da «Cova Céltica» en Solidaridad Gallega⁷, movemento político de signo agrarista que procuraba a modernización do campo loitando contra os foros así como a desaparición da estrutura caciquil na que se apoiaba o sistema turnista da Restauración. Nesta fronte «solidaria» rematarían por integrarse —ademais dos galeguistas liberais da «Cova Céltica»—, tanto os carlistas de Vázquez de Mella como os republicano-federals liderados polo coruñés Médico Rodríguez.⁸

Nesta curta etapa —desaparece o 27 de outubro de 1908— na que viron a luz 60 números, a linea editorial da publicación veu marcada polas ideas do rexionalismo liberal,

⁶ Carré Aldao era o propietario da librería sita na coruñesa rúa do Rego de Auga coñecida como a «Cova Céltica» na que se viña reunindo o grupo homónimo integrado polos rexionalistas liberais da Coruña liderados por Murguía entre os que se podía atopar a Pondal, Tettamancy ou Lugrís pero onde a veces tamén acudían dende Santiago representantes do rexionalismo tradicionalista como Brañas, López Ferreiro ou Cabeza de León.

⁷ Para as características ideolóxicas do Rexionalismo ver: MÁIZ, Ramón: «O Rexionalismo galego: organización e ideoloxía» (1886-1907). *Publicacións do Seminario de Estudos Galegos*. Ed. do Castro. Sada (A Coruña), 1984.

⁸ Ver: G. BERAMENDI, Justo e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manuel: *O Nacionalismo Galego*. Edicións A Nosa Terra. Vigo, 1995. (px. 55-75).

maioritario no periódico, e acorde con isto a súa cultura lingüística reproducía os esquemas oitocentistas da prensa deste credo político: bilingüismo disimétrico que se concretaba no uso do castelán como idioma xeral de redacción mentres se reservaba o galego de xeito reductivo para a composición ou reprodución de poemas e para a redacción en prosa de contos ou asuntos de carácter popular.

ETAPA DAS IRMANDADES DA FALA

En cambio, na confección do homónimo periódico das Irmandades da Fala, en coherencia coa denominación desta nova agrupación político-cultural, tanto os redactores como os colaboradores van practicar un uso exclusivo do galego ao considerar o idioma como un elemento inalienable do nacionalismo que agora por primeira vez se proclama.

En efecto, este colectivo, ao lado doutras institucións ou grupos como foron Nós, o Seminario de Estudos Galegos ou o Partido Galeguista, fixeron realidade que o galego deixase de ser unha lingua de cultivo escrito maioritariamente literario —poético ou en prosa para temas folklóricos— e pasase a ser utilizado «cada vez máis asidua e decididamente e pugnando por vencer as inevitables inercias, no ensaio, na prensa, na tradución de textos literarios, no mitin e no acto acadé-



Vilar Ponte.

mico»⁹. Avance no cultivo escrito que coincide precisamente cun inquietante deterioro das súas «redes de transmisión interxeracional»¹⁰ motivado polo proceso de urbanización e proletarización que neste primeiro tercio de

⁹ Así, «desde os primeiros números da segunda etapa de *A Nosa Terra*, aproximadamente entre 1916 e 1920, intelectuais como Antón Villar Ponte e Victoriano Taibo foron reflexionando sobre a necesidade de que o galego deixase de asociarse necesariamente co cultivo da poesía costumista, o folklorismo banal e o humor chocalleiro para irlle abrindo o paso a unha nova era da súa historia en que, convertido xa en idioma nacional, fose asiduamente empregado tamén na prosa para tratar dignamente os máis diversos temas relacionados co mundo da cultura, a ciencia ou a actualidade; xéneros como a novela e, sobre todo, o teatro foron especialmente promovidos polas Irmandades da Fala durante os seus primeiros anos de vida (cf. Monteagudo, H: “Nación/creación. Estética e política no agromar do ensaio galego” (1916-1920), *Anuario de Estudios Literarios galegos* 1995, pp.63-108.». Así mesmo, a tradución de obras literarias foi notablemente cultivada e acadou un notable grao de presenza nas páxinas de *Nós*, *A Nosa Terra* e *Logos* ou na política de publicacións da editorial *Nós* (cf. Noia, M. C.: «Historia da tradución en Galicia no marco da cultura europea», *Viceversa* 1, pp. 13-62.) en: MARIÑO PAZ, Ramón: *Historia da Lingua Galega*. Ed. Sotelo Blanco. Santiago de Compostela. 1998. (px. 402-403).

¹⁰ MARIÑO PAZ, Ramón: *opus. cit.* (px. 403).

século se está a dar en Galicia como consecuencia dun relativo progreso económico¹¹.

As Irmandades da Fala xorden o 18 de maio de 1916 na sé da Real Academia Galega, trala chamada que o 5 de Xaneiro dese mesmo ano fai Antón Villar Ponte, xornalista republicano de *La Voz de Galicia*, a todos os galegos —desde os federais progresistas ata os tradicionalistas— invocando o fomento do «nacionalismo natural» e a defensa da lingua. A aparición destas agrupacións vai supoñer un renacemento e redefinición da teoría galeguista, ao declararse os seus integrantes como nacionalistas no eido político e procurar no lingüístico e cultural «espallar o uso oral e escrito do galego co que inau-guran un monolingüismo sistemático»¹².

Nesta reformulación nacionalista do galeguismo confluíron dúas tendencias ideolóxicas moi diversas¹³: por un lado a de cultura liberal-

¹¹ CARMONA BADÍA, Joam: *Comunicación nas «Xornadas de Historia de Galiza»*. AS.PG. A Coruña. Febreiro, 1998. Carmona, que divide os dous séculos que conforman a historia económica contemporánea de Galicia en catro xeiras: a) 1830-1890; b) 1890-1936; c) 1939-1957; d) 1958-1998; considera á segunda destas etapas como unha das máis brillantes da Historia de Galicia despois da desastrosa que a precedeu. Frente ao período 1830-1890 no que se consuma o fracaso industrial debido á incapacidade da industria tradicional para converterse en industria moderna, no que a agricultura permanece ancorada nos vellos métodos e estruturas do vello Réxime e no que as comunicacións a penas experimentan melloría perceptible, a etapa 1890-1936 preséntase como a que asiste ao nacemento da industria moderna e a unha transformación sen precedentes no sector agrario que se orienta agora cara a exportación de carne despois da posta en funcionamento en 1885 do ferrocarril de unión co resto da Península. Esta mellora nas comunicacións tamén propiciou a aparición do moderno veraneio nos balnearios que agora se constrúen. As cidades —sobre todo Vigo e en menor medida A Coruña— entran agora nun período de crecemento e modernización. A razón destes cambios ten explicación se consideramos que nestes anos Galicia duplicou o seu Produto Interior Bruto.

¹² G.BERAMENDI, Justo e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manuel: *opus. cit.* (px. 93-135).

¹³ Proceso similar ao que acontece entre os anos 1890 e 1894 coa Asociación Rexionalista Galega na que confluíron os liberais de Murguía, os tradicionalistas de Alfredo Brañas e os republicano-federais de A. J. Pereira. Ver: MAÍZ, Ramón: *opus. cit.* (px. 106-135).

democrática do grupo promotor coruñés e doutra banda a católico-tradicionalista con epicentro en Ourense «que volve agromar con grande forza gracias a que o ex jaimista Losada Dieguez asume o nacionalismo e catequiza aos que serán motores do grupo *Nós*: Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas»¹⁴. Este movemento de converxencia desemboca na I Asamblea Nacionalista que se celebra na cidade de Lugo os días 17 e 18 de Novembro de 1918. Estes son polo tanto a práctica lingüística e o perfil político do grupo que sostén esta publicación agora de frecuencia decenaria.

Esta nova *A Nosa Terra*, que establece a súa redacción no despacho do poeta Xosé Iglesias Roura na rúa do Cantón Grande da Coruña, estaba dirixida por Villar Ponte coa axuda na redacción de Viqueira, Peña Novo e Victor Casas e tiña como colaboradores, en-

¹⁴ G. BERAMENDI, Justo e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manuel: *opus. cit.* (px. 99).

tre outros a Risco, López Abente, Manuel Antonio, Castelao, Losada Diéguez, Fernández Flórez, Cabanillas, Otero Pedrayo ou Evaristo Correa Calderón.

Edita o seu primeiro número o 14 de novembro de 1916¹⁵. Un ano máis tarde alcanza unha tiraxe de 2000 exemplares, cifra que consegue manter durante sete anos ata que sofre a súa primeira mingua por mor da división que se produce no seo do galeguismo despois do cisma habido na Asamblea de Monforte (1922) e queda reducida a órgano das Irmandades que permanecen agrupadas en torno á da Coruña ao se producir a escisión do sector culturalista ourensán liderado por Vicente Risco¹⁶, e xa unha segunda minora- ción cando a chegada da Dictadura de Primo

¹⁵ Ver: Voz «*Nosa Terra, A*» por Margarita Ledo Andión. En GEG. Santiago-Gijón, 1974

¹⁶ Ver: G. BERAMENDI, Justo e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manuel: *O Nacionalismo Galego*. Edicións A Nosa Terra. Vigo, 1995 (px. 93-140).



Cantón Grande. A Coruña.

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 77

A CRUÑA 6 DE XANEIRO DE 1919

CON PRUMA ALLEA

PREZOS DE SUSCRIZION

Na Cruña ó mes, 40 cts.

Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 150 pts.

América, id. 2 »

Pagos adelantados

duras, sin Dirección xeneraes, sin subsecretarías e Gobiernos civís, españois. Todo menos eso.

A Nosa Terra, 1919

de Rivera (1923) lle supón saír coa sordina da censura e verse limitada a aparecer con frecuencia mensual.

Pois ben, é precisamente antes das mermas editoriais atrás sinaladas cando se realizan as traducións dos contos de Valle-Inclán.

A cabeceira *A Nosa Terra* editada polas Irmandades da Fala ía dirixida á pequena burguesía ilustrada, sobre todo urbana, que estaba emerxendo neste primeiro tercio de século en Galicia. Tiña como obxectivos a superación do atraso económico, a atracción da cidadanía cara aos posicionamentos políticos galeguistas e sobre todo a concienciación a favor da lingua e da cultura galegas dos sectores aos que se orientaba.

No primeiro destes aspectos batallou polas comunicacións ferroviarias, pola desaparición dos aranceis cerealísticos, perxudiciais para o, nese momento, emerxente sector gandeiro e pola desaparición dos foros; no terreo político o branco dos seus ataques era o sistema monárquico sustentado no caciquismo e no turnismo representado en Galicia polos Besada, Riestra, Bugallal, Gasset...; pero foi sobre todo no aspecto cultural¹⁷ no que as

súas aportacións merecen ser destacadas pola súa contribución á normalización lingüística, mais tamén pola que fixeron ao campo da historia ao ter popularizado como referente mítico á figura histórico-lendaria do Mariscal Pardo de Cela, que se une desta maneira aos celtas, suevos, Xelmírez e Irmandiños, que xa consagrara a historiografía decimonónica nas producións de Vicetto e Murguía. Ademais, como sinala Margarita Ledo, desde «su primera sección dedicada a las reseñas literarias, *Follas Novas*, la cultura fue un capítulo importante en el periódico nacionalista, con especial atención hacia los temas educativos: publica normas ortográficas y síntesis geográficas, reivindica Facultades de Ciencias o Filosofía, promueve, infructuosamente por la llegada de la Dictadura primorriverista, las Escuelas do Insíño Galego y la revista *As Roladas*. Ni el arte, el teatro y las representaciones que realiza la Escola Dramática Galega, la música, la poesía o las traducciones de autores tan novedosos como Tagore, Gorki, Ibsen, Rimbaud o Eça de Queiroz, faltaron en sus páginas».

Como mostra, podemos ver, por exemplo, no exemplar do 5 de xaneiro de 1917 a tradución dun fragmento do Quijote, no número do día 20 de xullo de 1918¹⁸ —o mesmo no que se publica a *Teoría do Nazionalismo Galego* de Vicente Risco— as

¹⁷ «O noso rexionalismo non é somentes económico e político. É tamén unha custión d'estética, beleza, arte, perfeición e sobor de todo de cultura, de luz galega pr'o pensamento, que nos siñale a rua da liberdade compreta y-europea. Y-a fala, anosa fala, ten de sere, e xa comenza a se-lo de feito, o medio axeitado d'eispresión d'ises probremas. (Taibo 1917)» en MONTEAGUDO, Henrique: *Historia social da Lingua Galega*. Ed. Galaxia. Vigo, 1999 (px.477).

¹⁸ *A Nosa Terra*. Nº 61. 20-VII-1918.

traduccións feitas polo fidalgo ourensán Losada Diéguez do poema «A Folla» de A. V. Arnaut, o Soneto XV della *Vita Nuova* de Dante, ou o anaco de *Os pretendentes â co-roa* de Enrique Ibsen e os traslados de *A Aia* e *Frai Genebro* de Eça de Queiroz nos números do 30 de Agosto e 10 de Setembro deste mesmo ano.

O GALEGO NO TEMPO DAS IRMANDADES DA FALA

Todo isto hai que enmarcalo no xiro que se lle pretende dar á lingua e literatura galegas, superador na primeira do modelo lingüístico de inspiración popular herdado da tradición escrita decimonónica e na segunda coa ampliación a temas e xéneros que non fosen necesariamente a poesía e a prosa costumista¹⁹. Todavía en 1912 denunciaba García Blanco²⁰ que «la literatura gallega contemporánea es exclusivamente poética, más aún, lírica y humorístico-descriptiva. Mientras se escriben versos y más versos de tal carácter y contenido, carecen de cultivo en nuestra lengua, o lo tienen escasísimo y pobre, otros géneros literarios que por su índole se hallan más al alcance de toda suerte de lectores (...) por ejemplo el teatro, la oratoria, la novela, el

¹⁹ «Cando unha lingua que se tivo en cálida de dialeuto ó longo dos anos quere volver a trocar en idioma nazonal d'un povo —e isto socede agora c'o galego— é perciso dignifical-a empregándoa en temas universás e esquisitos. Pero hai moitos que non chegan a decatárense de tan cristaíña verdade. Chamándose bos fillos da terra, siguen dándolle ó galego as características de dialeuto; siguen escribindo cousas de labregos en linguaxe de labregos, inda que se teñen por literatos e homes do seu tempo; siguen falando dos curandeiros, dos meigallos, facendo chistes doados e groseiros a conta dos probes compatriotas que non queren falar o galego e din moitas boricadas en xeito castelán». *A Nosa Terra*. 15-III-1919. nº 83. En: MONTEAGUDO, Henrique: *Historia social da Lingua Galega*. Ed. Galaxia. Vigo, 1999. (px 480).

²⁰ GARCÍA BLANCO; M: *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega*. Imprenta El Norte de Galicia. Lugo, 1912.



Losada Dieguez

periodismo; casi no tenemos, en suma, literatura en prosa».

Sen embargo, como se lles tivese chegado o recado de García Blanco, xa no segundo número de *A Nosa Terra* se nos explicita como un dos principios obxectivos desta publicación a seguinte intención: «Nós queremos mais que rexionalismo de folk-lore; queremos mais que fatelos típicos, gaitiña, cantigas e versos, xa que non comprendemos que se poida entendere que linguaxe que sirva pr'á poesía non sirva o mesmo ou millor pr'á prosa» (*A.N.T* 1916)²¹. Frente a «tanto esquirtore de monteira, cirolas y-estadullo», maniféstase que a nosa fala «sirve para eispresare e verter n-ela total-as ideias e todolos pensamentos, total-as verdades e todolos sentimentos, deisd'os mais sotis e velaiños deica os mais centíficos e profundos. Coidare que soyo ten condiciós para describi-las es-

²¹ En: MONTEAGUDO, Henrique: *Historia social da Lingua Galega*. Ed Galaxia. Vigo, 1999 (pp. 478-479).

morgas e fartadelas y-enxergare contiños acedidos, é como afirmar que Galicia non pode ter, nin ten agora, un espírito que sinta e pense». Mais para iso é necesario un proceso de depuración lingüística, «unha fala xeitosa, peneirada, pulida e culta, facendo urbano o que sexa rústico, traguendo ás vilas os ars da aldea pra devolverllos dimpois envolveitos na veste albiña da cultura, coma un ben d'amore e d'enxebriemento»²².

Froito destas intencións foi a «consolidación do uso da nosa lingua na prosa literaria e o inicio do seu cultivo na non literaria» que non tardou en «esixir dos autores estratexias tendentes a dota-lo idioma do vocabulario necesario para acometer tales empresas» e en realizar «un traballo sobre o instrumento lingüístico que o transformase en código apto para a elaboración de textos precisos e con certo nivel de abstracción, propios de xéneros coma o ensaio ou o artigo»²³. Así o comprobamos ao ler unha colaboración de Correa Calderón —no mesmo número no que aparece traducido «Malpocado»—²⁴ na sección titulada «Páxinas extranxeiras» onde antes de traducir fragmentos de obras de Oscar Wilde (*Narciso*), de Omar-Al Khayyam (*O millor*), de Paul Verlaine (*Parrafeos sentimentais*), de Giovanni Pascoli (*O Pasado*), de Rabindranath Tagore (*A Frol da Champaca*) e de Xan Maragall (*Unha vos*), manifesta:

«Temos que dare á literatura galega d'oxe, un senso novo e actual. Nós, debemos tratar de conquistar tamén qu'a lingua galega sexa elástica e dútil, pra cincelar n-ela as novas Formas, as Novas Ideas. Por sobor das opinións dos vellos, de qu'o galaico, debe quedar no século XIX nós creemos que Il'hai que dar tódalas verbas precisas d'ogano, inda qu'e-

las sexan portuguesas ou francesas ou italianas. Se non movésemos as augas podres da poza —o galego era com'unha poza— a auga chegaría a estar morta. O galego sería despois unha cousa tradicional e lexendaria, que iría desaparecendo como a gaita ou os costumes de guardarropía...».

E continúa, dando a súa opinión sobre a nova dimensión que a tradución aporta á lingua:

«Istes anaquiños extranxeiros —que puxen en galego sinxelamente— son mostras líricas d'algúns Raros e Novos. Para uns xa serán coñecidos; Mais na fala nosa, terán para eles unha nova emoción i, outra beleza... Pros outros, serán recendos de frol...».

Estamos pois coa chegada das Irmandades da Fala, ante un período novo e distinto²⁵ que determina que teñamos que facer unha cesura entre o galego escrito deste tempo e o tardo-decimonónico que se prolongou ata 1916. Veremos como as traducións dos contos de Valle-Inclán responden perfectamente ás características lingüísticas desta nova etapa.

DIFERENCIALISMOS

Así nesta nova xeira de arrequeamento lexicol a actitude vixiante ante o castelanismo determinou que non fose o idioma dominante a fonte onde se ían buscar sistematicamente os vocábulos que faltaban: o galego antigo, o portugués literario serán agora filóns máis explotados e non poucas veces para substituír palabras lexitimamente galegas pero «sospeitosas» polo simple feito de teren un par idéntico na «lingua teito». Ao mesmo tempo este

²² En :MONTEAGUDO, Henrique: *opus. cit.* (px. 479).

²³ MARIÑO PAZ, Ramón: *Historia da Lingua Galega*. Ed. Sotelo Blanco. Santiago de Compostela, 1998 (px. 465).

²⁴ *A Nosa Terra*. Nº 77. 6 de xaneiro de 1919. (px. 5).

²⁵ «Para os tempos novos fala nova! O galego é algo que se fai, que se crea, non algo feito. Mas, para facelo hai que coñecer as súas posibilidades actuais (a súa gramática) e as súas posibilidades futuras en germe n'as actuais (o seu dinamismo)». Coméntase na páxina 4 do mesmo número de 6 de xaneiro.

«purismo ante o acoso castelanizador, en si mesmo saudable, dexenerou non poucas veces en reduccionismos e distorsións do patrimonio lexical galego ou en prácticas diferencialistas»²⁶ que se concretaron na explotación dos seguintes mecanismos:

a) Preferindo as distintas clases de vulgarismos á palabra coincidente co castelán. Deste xeito, nos contos traducidos aparecen os provocados por:

— vacilación vocálica: siñora, antre, antrea-berta (O medo); siñora (Malpocado); siñore (Un cabecilla).

— adición vocálica: sere, entrare, resprandore, voare sua y-alma, i-ecresiástico, pasare, sosterere, decire, sabere, sorrire (O medo); sere, siñore, a y-alma, y-a aboa (Malpocado); recaere, contestare, siñore, continuare, proferire, chegare, oscilare, botárese, pol-a y-alma (Un Cabecilla).

— supresión vocálica: pra, pro (O medo); pra (Malpocado); pro —por pero—, pr'a cova (Un Cabecilla).

— por metátese: pirmeira (Malpocado); percisaba (Un Cabecilla).

— da habitual vocalización do primeiro elemento dos grupos consonánticos cultos (-bt-, -bs-, -pc-, -cc-, -pt-, -ct- e -ks-) temos os seguintes exemplos: outer (O medo); doutrina, aspeuto (Malpocado); ausoluzón, eisaltazón, faucioso, faucións e eispresiva (Un Cabecilla). Só aparece un por eliminación: soma —por sombra— en «O medo».

— aplicando a solución semiculta nos grupos (-pl-, -cl-, -bl-, -fl-) ás voces cultas: froleiros, bibrioteca, retabro, incrinada, resprandor, craramente, ecresiástica (O medo); amabre (Malpocado); retabro, crásico, incrinouse (Un Cabecilla).

b) Idénticos motivos de enxebreza provocaron «a inclinación a favor do uso de certos sufixos e terminacións patrimoniais que, fronte ó que sucedía coas correspondentes

solucións cultas, tiñan ó seu favor o feito de reforzaren a harmonía coa nosa lingua medieval, coa portuguesa ou coas dúas a un tempo»²⁷. Son as terminacións —anza, -za, -zo, -bel, as primeiras de uso abundante nestas traducións: informazón, tradizón, concenza, ourazón, silenzo ou ausoluzón en «O medo»; silenzo, resignazón, distanza e salutazón en «Malpocado»; silenzoso, difrenzaba, indulxenza e eisaltazón en «Un Cabecilla». Canto a -bel aparece: inmoveis —de inmovel— en «O medo» e terribel e venerabel en «Un cabecilla».

c) No subsistema de demostrativos hai, tamén por afán diferencialista, preferencia polas formas con (i-) tónico, mesmo para o feminino: ises, ista en «Un Cabecilla» e nista en «Malpocado».

d) Tamén descubrimos nos contos de *A Nosa Terra* a presenza dos chamados «hiperenxebismos». Estes consisten na aplicación dunha falsa ecuación entre dúas parellas de palabras galegas e castelás: así sobre a equivalencia (ouro = oro < aurum) fórmase a equivocada (adourar = adorar < ad orare) ou sobre (pé = pie < pedem) dedúcese erroneamente (cencia ou cenza = ciencia < scientiam). Aparecen: concenza, ourante, ourental (oriental) e ourazón en «O medo» e rousadas en «Malpocado»; hai un segundo tipo que sobre a base (cabalo = caballo < caballum), (ano = año < annum) e (lúa = luna < lunam) inventa —e utilizamos exemplos dos contos de Valle-Inclán—: tribúa, brilaba e prisoeiro en «O medo», brila e galardeian en «Malpocado» e montana en «Un Cabecilla».

LUSISMOS

O portugués funcionou nestes anos, primeiro para os membros das Irmandades e logo para a Xeración Nós como lingua de referencia

²⁶ MARIÑO PAZ, Ramón: *opus cit.* (pp. 465-474).

²⁷ MARIÑO PAZ, Ramón: *opus cit.* (px. 466).

culta á que acudir na modernización do léxico galego²⁸. Algúns como Johan Vicente Viqueira mesmo adoptaron posturas claramente reintegracionistas. Nas traducións que analizamos son perceptibles lusismos léxicos e morfolóxicos como: aldeia, nuvens, inmoveis e até en «O medo»; aldeia e até en «Malpocado» e aldeia, receio e até en «Un Cabecilla». Hai tamén un lusismo gráfico en «O medo», trátase de «regimento».

ARCAÍSMOS

O mellor coñecemento da lírica e da prosa²⁹ medievais así como dos documentos notariais daquela época publicados en revistas como *Galicia Diplomática* (1880-1893) de Bernardo Barreiro ou *Galicia Histórica* (1901-1903) de López Ferreiro, favoreceu unha sorte de restauración historicista mediante o traslado de termos medievais ao galego moderno.

Podemos diferenciar tres clases nos contos de Valle-Inclán: a) En primeiro lugar formas como findaba (por finaba) en «O medo» trasladada directamente dos Cancioneiros. b) En formas verbais da segunda conxugación nas que se aplica a secuencia gráfica arcaizante —sc-: apareceu e oferesceu en «O medo». c) Na reconstrución de formas a partir da toponimia. Por exemplo, de Montouto e Toxos Outos sae a voz periclitada outo. Así: «outa fenestra» e «outo» en «O medo».

²⁸ «Gramática galega temo-l-a. A de Saco de Arce aínda que vella é aproveitábel. Ademais temos as gramáticas portuguesas que moito nos poden ensinar. - E o mesmo digo dos dicionarios (sic). - E que os novos fagan novas gramáticas e dicionarios (sic) novos», dise nunha sección titulada «Da renascenza lingüística» en *A Nosa Terra*, número 77 de 6 de xaneiro de 1919.

²⁹ Martínez Salazar publica en 1900 unha edición da *Crónica Troiana* traducida no século XIV ao galego.

CASTELANISMOS

O castelanismo «dista de quedar erradicado nestes anos, aínda que aparece con moita menos frecuencia ca en épocas anteriores»³⁰. Nos relatos traducidos atopámoslos de varios tipos:

- 1) En «O medo».
 - a) Léxicos: escalofrío (escalofrío ou arrepío), maiorazgos (morgados), solariego (petrucial), racimos (acios), ropaxe (roupaxe) e alargou (alongou), leía (por lía), fai (cruce de facer e haber).
 - b) Morfosintácticos: houbera preferido (uso do inexistente tempo composto), tremou (sustituíndo a tremeu, con cambio de conxugación incluída), vaite, hacharaste, adormecíame (uso indebido do reflexivo), hacia (en vez da locución prepositiva cara a).
- 2) En «Malpocado».
 - a) Léxicos: difuntos (defuntos), idade (idade), branqueciñas (abrancazadas) e amarilentas (amareladas).
 - b) Morfosintácticos: elo (neutro inexistente), mercarte (reflexivo innecesario), otorguevos, (colocación incorrecta do pronome), vades (ides, por cruce co castelán vais), andiveron (polo regular andaron), hacia (cara a).
- 3) En «Un Cabecilla».
 - a) Léxicos: aullaba (ouleaba), gavilla (gavella), releve (relevo), parrillas (grellas), visviseo (visveo) e decir (dicir).
 - b) Morfosintácticos: ficáseme, contoume (colocación errónea do pronome átono), hacia (cara a).

GRAFÍA

A pesar da importancia que se lle concede á lingua neste momento «tampouco se camiñou cara a unificación no terreo da grafización, por máis que esta necesidade fose un

³⁰ MARIÑO PAZ, Ramón: *opus cit.* (px. 466).

dos argumentos que máis adoito se esgrimiran para pedi-la constitución da Real Academia Galega desde as últimas décadas do século XIX»³¹. O castelán seguiu sendo o punto de referencia fundamental e só de xeito esporádico se recorreu ao portugués, continuando, aínda que algo atenuada a inseguridade gráfica herdada do século XIX, da que temos os seguintes exemplos nos textos que nos ocupan:

- 1) Vacilación no emprego de <h> e <b/v> como podemos observar en «O medo» (hombro, hoco, hacharaste, hosos, inmovil), «Malpocado» (y-aboa, hombros) e «Un Cabecilla» (inmovil, hachouno).
- 2) Non se resolve a representación do fonema fricativo palatal xordo, por iso, aparece a mesma palabra representada dos dous xeitos en discordia: o etimolóxico (regimento) ao lado do foneticista (reximento).
- 3) Permanece a práctica dunha escritura reproductora dos fenómenos da fonética sintáctica habituais no uso oral da lingua, numerosos nos contos de Valle-Inclán, tanto mediante apóstrofos como con guión de enlace: d'entrare, d'unha, qu'eran, total-as, N-o, tremal-o, n-aquel, despregal-os en «O medo»; baix'o mantelo, pol-a, n-unha en «Malpocado»; e s'erguía, non-o, pol-a yalma en «Un cabecilla».

DIALECTALISMOS

Nesta etapa —coñecida como fase supradialectal— o apego ás formas locais foi escaso. Sen embargo, aparecen algunhas vacilacións entre solucións das diversas áreas dialectais:

- a) Na terminación -N —NS para plural feminino (<ANUM-ANAM>), altermase no mesmo texto («O medo»), a solución do bloque occidental (irmáns) e a do central (maus).

³¹ MARIÑO PAZ, Ramón: *opus cit.* (px 471).

- b) No plural das formas rematadas es —L, vacíase entre (rituaes) e (iguales, cascabeles, lebreles) en «O medo» ou (azues) en «Malpocado».

- c) Na morfoloxía verbal, decántase pola neutralización a favor da segunda conxugación -IU (sacudeume, saleu en «O medo»; tremeluceu en «Malpocado»; sirveu, repiteu, fuxeu en «Un Cabecilla») cando debía ir pola terceira en -IU.

A coincidencia nos tres contos deste último risco dialectal e a que tamén se da nos verbos traguendo (traendo), faguían (facían) en «Un cabecilla» e faguere (facer) en «Malpocado», parece indicar que os tres textos foron traducidos pola mesma man.³²

ORIXE DA VERSIÓN GALEGA DE A NOSA TERRA

Se comparamos as traducións publicadas por *A Nosa Terra* cos contos matrices que integran as edicións actuais de Valle-Inclán, comprobaremos que se producen dous tipos de desaxustes: en primeiro lugar constataremos a falla dun conto, «Malpocado», desclasificado da edición que configurou de forma definitiva a colección dos contos do escritor vilanovés

³² Eliane Lavaud, en cita, fai o seguinte comentario: «Normalmente el periódico indica el nombre del traductor. Aquí, no se cita ningún nombre. ¿Debemos colegir que el mismo Valle-Inclán tradujo sus cuentos para la revista? Solo es una hipótesis» (En LAVAUD-FAGE, Eliane: *La singlatura narrativa de Valle-Inclán. 1888-1915*) Fundación Barrié. A Coruña, 1991 [px. 491]).

As escasas marcas dialectais que aparecen nos tres contos —engadamos aquí «eiquí» en «O medo»— apuntan a alguén do bloque central (area lucu-auriense). Tal vez se trate de Losada Diéguez (Carballiño-Ourense) ou Correa Calderón (Neira de Rei, Lugo). Nunca Valle-Inclán, por dous motivos: 1) Nos fragmentos intercalados en obras en castelán que produciu en galego, cando aparece algunha marca dialectal, esta pertence á microsubarea o Salnés.

2) Parece bastante difícil que Valle estivera familiarizado coas novidades que a partir de 1916 introducen no galego as Irmandades da Fala.

baixo o epígrafe *Jardín Umbrío*; en segundo lugar decatáronos de que as versións galega e castelá non coinciden con exactitude, e non a causa da diferenza de idioma.

Isto explícase por dúas razóns: a primeira porque Valle revisaba e reformaba, a veces introducindo cambios importantes, a súa obra nas sucesivas reedicións que ían vendo a luz; a segunda porque eliminou relatos que, despois de ser integrados en obras maiores —no caso de «Malpocado» na novela *Flor de santidad*— carecía de sentido a súa continuidade como unidades independentes.

Todo o anterior levanos á pregunta de sobre qué edición están feitas as traducións de cada un dos contos, e para atopar a resposta, cómpre analizar as características de cada unha das edicións de contos do escritor galego que apareceron baixo o título de *Jardín umbrío* ou *Jardín Novelesco*.³³

En 1903, Valle-Inclán publicou o seu primeiro libro de contos que levaba por título *Jardín umbrío*³⁴. Só constaba de cinco contos: «Malpocado», «El Miedo», «Tragedia de ensueño», «El Rey de la máscara» e «Un cabecilla», títulos que xa foran publicados na prensa con anterioridade. Os tres traducidos ao galego xa están nesta colección.

En 1906 —aínda que leva a data de 1905—, ve a luz o segundo volume de contos titulado *Jardín Novelesco, historias de santos, de almas en pena, de duendes y de ladrones*.³⁵ Máis voluminoso que o precedente, consta de 14 títulos, entre os que están os tres que nos ocupan. Sen embargo, prodúcense dous pequenos cambios: un no conto «Malpocado», no que se prolonga o diálogo inicial entre a avoa e o neto, e outro en «Un

cabecilla» no que se engade «el viejo se enjugó una lágrima» despois do fragmento que en galego di «o guerrilleiro pasouse a man pol-os ollos».

En 1908, a editorial Maucci de Barcelona publica outra recopilación de contos de Valle-Inclán co mesmo título que a anterior, excepto a última preposición, que desaparece. Engádenselle catro contos máis, co que a colección alcanza a cifra de 18. Entre estes permanecen os tres traducidos por *A Nosa Terra*. Deles, «Malpocado» e «Un cabecilla» a penas sofren variación, pero en «El Miedo» atopamos dúas variantes: a) aparece por vez primeira a versión definitiva «señor de Bradomín» en vez de «señor de Bradamín», cambio que recolle a versión galega. b) onde dicía de forma incoherente «los cabellos se erizaron en su frente» pasa a dicir «los cabellos se erizaron en mi frente», variante que tamén reproduce a translación galega «os cabelos alporizáronse na miña fronte». Isto descarta como fonte da tradución as dúas versións anteriores a esta.

En 1914, aparece a cuarta recopilación dos contos do escritor vilanovés. Retoma o título de 1903, conservando o subtítulo de 1908.³⁶ Nesta nova edición aparecen tres contos novos pero desaparecen sete títulos das precedentes —agora é cando desaparece «Malpocado»—, polo que queda reducida a 15 títulos. Ademais da desaparición de «Malpocado», prodúcense dúas importantes variacións en «Un cabecilla» que invitan a descartar a esta edición como modelo das traducións de 1919. Son estas:

- 1) Desaparece definitivamente a longa progresión dramática da marcha dos dous vellos, que sen embargo podemos encontrar na versión en galego. Este é o fragmento suprimido: «... se internaron en el hondo caminejo de la montaña, tan fresco con sus

³³ Ver: LAVAUD-FAGE, Eliane: *La singladura narrativa de Valle-Inclán (1888-1915)*. Fundación Barrié. A Coruña. 1991. (pp. 158-170).

³⁴ *Jardín umbrío*, Madrid. A. Rodríguez Serra, 1903. (Biblioteca Mignon. T. XXXIII).

³⁵ *Jardín Novelesco. Historias de santos, de almas en pena, de duendes y de ladrones*. Madrid. Revista de Archivos, bibliotecas y museos. 1905.

³⁶ *Jardín umbrío. Historias de santos, de almas en pena, de duendes y de ladrones*. Madrid. Imp. de José Izquierdo, 1914.

humedades de gruta, tan fragante con sus setos de florido saúco, tan lleno de alegres sustos con sus pasaderas bailarinas, tan amenazador con sus revueltas y encrucijadas, tan trágico con sus cruces negras, que recuerdan algún sangriento suceso, y tan viejo tan viejo que hasta en las lajas tiene impresas las huellas de los carros, surcos llenos de agua turbia, que semejan arrugas de la edad, labradas siglo tras siglo en la trocha sombría, granítica y salvaje...».

- 2) Cambia, como tempo de ambientación do conto, a primeira Guerra Carlista pola segunda. Na translación galega lemos: «cando a primeira guerra civil».

Descartamos por imposibilidade cronolóxica as edicións de 1920 e a que constitúe a base da actual. Nestas últimas sobresaen os

cambios que se producen na definitiva versión de «Un cabecilla», onde se introduciron catro replicas novas nos diálogos, inexistentes por suposto na traducción galega.

Todo o anterior nos conduce ás seguintes conclusións:

- a) Dado que os tres contos aparecen xuntos nas tres primeiras edicións de 1903, 1906 e 1908, deberon ser traducidos dun destes tres libros. Reforza esta hipótese a ausencia en «Un cabecilla» dos cambios introducidos en 1914.
- b) «El Miedo», non pode ser traducción das edicións de 1903 e 1906, pois reproduce os cambios de 1908. É posiblemente esta edición, a base das traduccions feitas para *A Nosa Terra*.

VALLE EN GALEGO

TEXTOS

MALPOCADO

Conto por Valle Inclán.

Avella mais vella da aldeia camiñaba có seu neto da man por un sendeiro de verdes orelas, tristeiro e deserto, que parés aterido baixo a luz da alba. Camiña corcovada e salaiente, dando consellos ó neno, que chora en silencio.

—Agora que escomenzas a ganalo, tes de sere humildoso, que e lei de Deus.

—Sí, señora, sí...

—Tes que rezar por quen che fixere ben e pol-a yalma dos seus difuntos.

—Sí, señora, sí...

—Na feira de San Gundián, si logras xuntar pra elo, tes que mercarte unha capa de xuncos, que as chuvias son moitas.

—Sí, señora, sí...

Y-a aboa e o neto van anda, anda, anda...

A soedade do camiño fai mais tristeira aquela salmodia infantil, que semella un voto de humildade, de resignazón e de probeza feito ó escomezai a vida. A vella arrastra penosamente as zocas que choclean nas pedras do camiño, e salaia baix´o man-

telo que leva por riba da cabeza. O neto chora e trema de friaxe: vai vestido de farra-pos; é un zagal albino, coás meixelas asoleadas e pecosas: leva trasquilada sobor da fronte, como un servo de outra idade, a guedella murcha e pálida, que lembra as barbas do maíno.

No ceio lívido do amancer aínda tremelucen algunhas estrelas esmorecidas. Un golpe que ven fuxido da aldeia, atravesa correndo o sendeiro. Ouzase lonxano o oubeo dos cans e o canto dos galos...Paseniño o sol escomeza a dourar-o cume dos montes: brila o orvallo sobor da herba, choutan e revoan arredor das álbes, con tímido ale-teio, os páxaros novos que fuxen do niño por vez pirmeira; rín os regatos, marmulan as alboradas, e aquel camiño de verdecentes orelas, tristeiro e deserto, espértase como vello camiño de xeórxicas. Rebaños de ovellas suben pol-a faldra do monte; mulleres cantando voltan da fonte; un aldean de brancas guedellas aguilloa a xunta dos seus bois, que se deteñen triscando nos balados: e un vello petrucial dende longa distanza deixa ouír a súa voz.

—¿Vades pra feira de Barbanzón?

—Imos pra San Amedio, buscando amo pra o rapaz.

—¿Qué tempo ten?

—O tempo de ganalo. Nove anos fixo pol-o mes de Santiago.

Y-a aboa e o neto van anda, anda, anda...

Baixo aquel sol agarimoso que escintilea sobor dos montes, cruza pol-os camiños a xente das aldeias. Un chalán asoleado e rexo trata con ledó algueireo de esporas* e ferraduras; vellas labregas de Cela e de Lestrove van pra a feira con galiñas, con liño, con centeo. Alá, na fondonada, un zagal ergue os brazos e berra pra chamar as cabras que se galardeían subidas nos penedos. A aboa e o neto afástanse pra deixar paso ó si-

ñore alcipreste de Lestrove, que se dirixe a predicar n-unha festa de aldeia:

—¿Santos e bos días nos día Deus!

O siñore alcipreste refrena a súa egua de andadura mansa e doutoral.

—¿Ides de feira?

—¿Os probes non temos que faguere na feira! Imos a San Amedio buscando amo pra o rapaz.

—¿Xa sabe a doutrina?

—Sabe, sí, siñore. A probeza non quita o sere cristiano.



Y-a aboa e o neto van anda, anda, anda...

N-unha lonxanía de brétama azul óllanse os cipreses de San Amedio ques se erguen arredor do santuario, mouros e pensantes, cóos cururtos murchos, unxidos por un refrexo dourado e matinal. Na aldeia xa están abertas total-as portas, e o fume indeciso e branco que sube dos fogares, esvaise na luz como salutazón de paz. A aboa e

* Erro de edición (aparece «esposas»)

o neto chegan ó adro. Sentado na porta, o cego pide esmola i-ergue ó ceio os ollos, que semellan dúas ágatas branqueciñas.

—¡Santa Lucía vos conserve a amable vista e saúde no mundo pra ganalo!... Deus otorguevos que donar e que ter!... ¡Saúde e sorte no mundo pra ganalo?... Tantas boas almas do Señor como pasan, non deixarán ó probe un ben de caridade!...

E o cego tende hacia o camiño a palma seca e amarilenta. A vella arrechégase có seu neto da man e murmura tristeiramente:

—¿Somos outros probes, irman!... Dixéronme que buscabas criado...

—Dixéronche verdade. Ao que tiña denantes fenderonlle a testa no romaxe de Santa Baia de Cela. Está que tolea...

—Eu veño có meu neto.

—Vés ven.

O cego estende os brazos apalpando no ar:

—Achegate, rapaz.

A aboa empuxa ó neno, que trema como unha ovella abraída e mansa, diante de aquel vello fosco, envolteito nun roto capote de soldado. A man amarela e pedichenta do cego pousase sobor dos ombros do neno, anda a tentas pol-as costas, corre ó longo das pernas.

—Cansaráste de camiñar coás alforxas ás costas?

—Non, señore; estou afeito a iso.

—Pra enchelas hai que correr moitas portas. ¿Tí coñeces ben os camiños das aldeias?

—Onde non coneza, pregunto.

—Nos romaxes, cando eu bote unha cántiga, tí tes de responderme con outra. ¿Saberás?

—En adeprendendo, sí, señore.

—Sere criado de cego é acomodo que moitos quixeran.

—Sí, señore, sí.

—Posto que viñeches imos até o Pazo de Cela. Alí hai caridade. Niste paraxe non se recolle nin unha triste esmola.

O cego érguese arripiado pol-a friaxe e pousa a man no ombro do neno, que fita tristeiramente o longo camiño, e a campía verde e húmeda, que sorríe na paz da mañán, có caserío das aldeas espallado e os muiños lonxanos, desaparecendo baixo do emparado das portas e as montañas azúes, e a neve nos cumes. Ao longo do camiño un zagal anda dobregado segando herba, e a vaca de tremecentes e rousadas ubres, rumiña con mansedume guindando o ronزال. O cego e o neno alónxanse paseniñamente, e a aboa murmura salaiaante enxoiándose os ollos:

—¡Malpocadiño, nove anos e gaña o pan que come!... ¡Alabado sexa Deus!...



O MEDO

Conto por Valle Inclán

Lse longo e angurioso escalofrío que parece mensaxeiro da morte, o verdadeiro escalofrío do medo, solo o sentín unha vez. Foi fai moitos anos, naquel fermoso tempo dos maiorazgos, cando se faguía informazón da nobreza pra sere militar. Eu findaba de outar os cordóns de cabaleiro cadete. Houbera preferido entrare na Guardia da Reial Persoa, pro miña nai opoñíase e seguindo a tradición familiar fun granadeiro no Regimento do Rei. Non lembro con certeza os anos que fai, mais estonces apenas apuntábame o bozo, e hoxe ando perto de sere un vello caduco.

—Denantes d'entrare no Reximento, miña nai quixo botarme a sua beizón. A probe siñora vivía retirada no recuncho d'unha aldeia, onde estaba o noso pazo solariego, e alá fun sumiso e obedente. A mesma tarde que cheguei mandou en busca do Prior de Brandeso pra que viñese a confesarme na capela do Pazo. As miñas irmáns María, Isabel e María Fernanda, qu'eran unhas nenas, baixaron a coller rosas o xardín, e a miña nai enchéu con elas os froleiros do altar. Despois chamoume en voz baixa pra donarme o seu devozonario e decirme que fixese ensamen de concenza.

—Vaite a tribua, meu fillo... alí acharaste mellor.

A tribua señorial estaba a beira do Evanxelio, e comunicaba coá biblioteca. A capela era húmeda, tenebrosa, resoante. Sobor do retabro campeaba o escudo concedido por executorias dos Reises Católicos ó siñore de Bradomín. Pedro Aguiar

de Tor, chamado o «Chivo», e tamén o «Vello». Aquel cabaleiro estaba enterrado á dereita do altar; o cadaleito tiña a estatua ourante dun guerreiro.

A lampa do presbiterio alumeaba día e noite diante do retabro, labrada como xoel de reises: os áureos racimos da vide evangelica semellaban ofrecerse carregados de froito. O santo tutelar era aquel piadoso Rei Mago que ofereseu mirra ó Neno Deus; á sua túnica de seda bordada de ouro, brilaba co resprandore devoto dun miragre ourental. A luz da lampa, antre as cadeas de prata, tiña tímido vóo de paxaro prisioeiro, como si se afanase por voare hacia o Santo.

Miña nai quixo que fosen as suas maus as que deixasen aquela tarde ós pes do Rei Mago os froleiros carregados de rosas, como ofrenda da sua yalma devota. Despois, acompañada das miñas irmáns,



axionllóuse diante do altar. Eu dende a tribua soamente ouvía o murmulo da sua voz, que guiaba moribunda as ave-marías; mais cando as nenas lles tocaba respondere, ouvía todal-as verbas rituais da ourazón!

O serán agonizaba e os rezos resoaban na silenzosa obscuridade da capela, fondos, tristes e angustiosos, como un eco da Pasión. Eu adormeciame na tribua. As nenas foron a sentarse nas gradas do altar; os seus vestidos eran albos, como o liño dos panos litúrxicos. Eu so distinguía unha soma que rezaba baixo a lampa do presbiterio; era a miña nai; sostíña antre as suas maus un libro aberto e leía coá testa incrinada. De tarde en tarde, o vento abaneaba a cortina d'unha outra fenestra; eu entón ollaba no ceo, xa escuro, a faciana da lua, pálida e sobornatural como unha deusa que ten o seu altar nos bosques e nos lagos...

Miña nai pechou o libro donando un salaio, e de novo chamou as nenas. Ollei pasare as suas somas brancas a través do presbiterio e columbrei que se axionllaban ás beiras da miña nai. A luz da lampa tremaba con un débil resplandor sobor das maus, que voltaban a sostere aberto o libro. No silencio, a voz leía, piadosa e lenta. As nenas escoitaban, e adiviñei as suas cabeleiras ceibas sobor da albura do ropaxe, e caendo ás beiras da faciana iguais, tristes e nazarenas. Adormecérame e de súpeto abraíronme os berros das miñas irmáns. Ollei e fiteinas no medio do presbiterio abrazadas a miña nai. Berraban arripiadas.

A miña nai colleunas da man e fuxiron as tres. Baixei de presa. Iba a seguir-las, e fiquei abraído de terror. No cadaleito do guerreiro entrechocábanse os hosos do esqueleto. Os cabelos alporizáronse na miña fronte. A capela ficara no maior silencio e ouvíase craramente o medroso e oco rolar da calaveira sobor da sua almofada de pedra. Tiven medo como o non tiven endexamaís, pro non quixen que a miña nai e as miñas irmáns me coidasen cobarde, e permanecín inmóvil no medio do presbiterio, cos ollos fixos na porta entreaberta. A luz da lampa tremaba. N-o outro abaneábase a cortina d'unha fenestra, e as núvens pasaban sobor da lua, e as estrelas alendábanse e apagábanse como as nosas vidas. De súpeto, alá lonxe, resoou festivo ladrar de cans e música de cascabeles. Unha voz grave i-ecresias-tica chamaba:

—¡Eiquí, Carabel! ¡Eiquí, Capitán!...


E o Prior de Brandeso, precedido dos seus lebreles apareceu na porta da capela.

—¿Qué siñore granadeiro do Rei?

Eu repuxen coá voz afogada:

—¡Siñore Prior, ouvín tremal-o esqueleto dentro do cadaleito!...

O Prior atravesou paseniñamente a capela. Era home garrido i-ergueito. Nos seus anos xuvenís tamén fora granadeiro do Rei. Chegou até min, sin recoller o voo dos seus hábitos brancos, e pousándome unha man no ombro e fitándome a faciana descorrida, pronunciou gravemente:



—¡Qué endexamais poida decire o Prior de Brandeso que ollou tremare a un granadeiro do Rei!...

Non erguéu a man do meu hombro e ficamos inmoeis, fitándonos sin falar-nos. N-aquel silencio ouvimos rolar a calaveira do guerreiro. A man do Prior non tremóu. A nosa beira os cans endereitaban as orellas có pescozo espeluznado. De novo ouvímos rolar a calaveira sobor da sua almofada de pedra. O Prior sacudeume:

—¡Siñore granadeiro do Rei, temos que sabere si son trasnos ou meigas!...

E acercouse o cadaleito, e aséu as duas anelas de bronce empotradas n'unha das lousas, aquela que tiña o epitafio. Arrechegueime tremando. O Prior fitoume sin despegal-os beizos. Eu puxen a miña mau sobor da sua n'unha anela e tirei. Mainamente erguimol-a pedra. Un hoco mouro e frío ficóu diante de nosoutros. Eu ollei que a ispida e amarelenta calaveira aínda se movía. O Prior alargou un brazo dentro do cadaleito pra collela. Despois, sin unha verba e si un xesto, entregouma. Recibinna tremando. Eu estaba no medio do presbiterio, e a luz da lampa caía sobor da miñas mans. Ao fixal-os ollos, sacudinna con horror. Tiña antre elas un niño de cóbregas que se desanelaron asubiando, antramentras a calaveira rolaba con hoco e liviano son, total-as gradas do presbiterio. O Prior ollábame cós seus ollos de guerreiro, que lostregueaban baixo da capucha, como baixo a viseira dun casco.

—Siñore granadeiro do Rei, non hai ausoluzón... ¡Eu non ausolvo os cobardes!

E saleu da capela arrastrando os seus hábitos talaes. As verbas do Prior de Brandeso resoaron moito tempo nos meus oídos. Aínda resoan. ¡Tal vez por elas, soupen mais tarde sorrir á morte como a unha muller!...

UN CABECILLA

Conto por Valle-Inclán

De aquel muiñeiro vello e silenzoso que me sirveu de guía para visitar as pedras célticas do monte Rouriz gardo unha lembranza dura, fría e cortante como a neve que coroaba o cume. Cicais mais que as suas faucións, que semellaban talladas en durísimo granito, a sua historia trágica fixo que con tal enerxía ficásese no pensamento aquela faciana tabacosa que apenas se diferenciaba do pano da monteira. Si pecho os ollos coído fitalo. Era mozo, seco e forte, como o tronco d'unha vide patriarcal; os mechons grises e demedrados da sua barba lembraban íses lixos de musgo que amostan nas ocacidades dos pómulos as estatuas dos cláustros desguarnidos; os seus beizos de corcho plegábanse con austeira indiferenza; tiña un perfil inmóvil e pensante, unha testa inespresiva de releve exipcio. ¡Non, non-o esquecerei endexamáis!

Fora un terribel guerrilleiro. Cando a primeira guerra civil, botóuse ó campo

cós seus cinco fillos, é en poucos días logrou levantar unha gavilla de xente rexa e disposta a batil-o cobre. Algunhas veces fiaba o mando da partida ó seu fillo Xoan María e internábase na montaña, seguro, como lobo que ten n'ela o seu cubil. Cando menos se lle agardaba, reaparecía carregado coa súa escopeta chea de ataduras e remendos, traguendo na súa compañía algún mozo aldeán de aspecto torpe e abraiadento que, de forza ou de grado, viña a engrosal-as fias. A ida e á volta, adoitaba a recaere pol-o muíño pra enteirarse de como iban as «familias», que eran os netos, e das pedras que moían.

Certa tarde de vrau chegou e hachouno todo en desorde. Atada a un poste da parra, a muiñeira desditábase e chamaba inútilmente ós seus netos, que fuxiran á aldea; o galgo aullaba, con unha pata maltreita no ar; a porta hachabase esnaquizada a culatazos, o gran e a fariña alfombraban o chán; sobor da artesa ollábanse aínda farangullas do xantar interrompido, e no corral a vella hucha de castiñeiro revolta e destripada... O cabecilla contemplaba aquel desastre sin proferir unha queixa. Despois de ben enteirarse, acercouse a súa muller murmulando con aquela voz desentoadada e caótica de vello xordo.

—¿A qué hora viñeron os civís? ¿Cántos eran? ¿Qué lles dixeches?

A muiñeira saloucou máis forte. En vez de contestare, desatouse en aldraxes contra aqueles enemigos malos que tan gran déstrozo faguían na casa dun probe que con ninguén do mundo se metía. O marido fitouna cós seus ollos cobrizos de galego desconfiado.

—¡Ai, demo! ¡Non eres ti a gran condenada que a min me engana! Ti dixécheslles onde está a partida.

Ela seguía chorando sin consolo.

—Arrepara, home, de que feitura ises verdugos de Xerusalem me puxeron! ¡Atada mesmamente como o Noso Signore!

O guerrilleiro repiteu, abaneando furioso a escopeta:

—¡A ver como respondes! ¿Qué lles dixeches?

—Pro consideira, home!...

Calou, donando un gran salaio, sin afoutárese a continuare, tanto a imponía a faciana enrugada do vello. El non voltou a insistire. Sacou o coitelo, e cando ela coidaba que iba a matala, cortou as ligaduras, e sin proferire unha verba, empu-



xouna obrigándoa a que o seguise. A muiñeira non cesaba de salaiar.

—¡Ai! ¡Fillos das miñas entrañas! ¿Por qué me non deixaría queimar en unhas parrillas denantes de decir onde estábades? Vos, como soles. Eu, unha vella cós pes pr'a cova. Percisaba de camiñar mil anos pelegrinando por camiños e melros para ter perdón de Deus. ¡Ai meus fillos! ¡Meus fillos!

A probe muller camiñaba anguriada, enredadol-os toscos dedos de labrega na mata cincenta dos seus cabelos. Si se detiña mesándoo e saloucando, o marido, cada vez máis sobriso, empuxabaa coá culata da escopeta, mais sin brusquedade, sin xenreira, como á vaca mansísima nada na propia cadra, que por acaso cerdea. Saíron dá aira aburada pol-o sol de un día de Agosto, e despois de atravesaren os prados do Pazo de Melías internáronse no fondo sendeiro da montana, tan fresco coás suas humedades de cova, tan vizoso coás suas sebas de froilido sauco, tan ateigado de ledos surtos coás suas pesadeiras ballarinas, tan ameazador coás suas revoltas i-encrucicixadas, tan tráxico coás suas cruces mouras, que lembram algún sanguento suceso, e tan vello, tan vello que até nas laxas tan imprentadas as sinais dos carros, sulcos cheos de auga revolta, que semellan enrugos da idade labradas século trais século na trocha sobrisa, granítica e salvaxe.

Andiveron sin deterse até chegare a unha revolta onde s'erguía un retabro de ánimas. O cabecilla encaramouse sobor dun bardal e fitou receloso canto de alí abranguía a ollarse do camiño. Amartelóu a escopeta, e trais de asegurare o-pistón, santiguouse con lentitude respeitosa de cristiano vello.

—Sabela, axiónllate xunto ó retabro das almas benditas.

A muller obedeceu tremando.

—Encoméndate a Deus, Sabela.

—¡Ai, home non me mates! ¡Agarda tan siquera a saber si aquelas prendas padeceron algún mal!

O guerrilleiro pasouse a man pol-os ollos, logo despenduróu do cinto o crásico rosario de doas de madeira, con engaste de aramiño dourado e deullo á vella, que o recibeu solouzando. Asegurouse mellor sobor do bardal, e marmulóu austeiro:

—Está bendito pol-o siñore bispo de Ourense, con indulxenza para a hora da morte .

El mesmo púxose a rezar con monótono e frío visviseo. De tempo en tempo botaba unha inqueda ollada ó camiño. A muiñeira foise pouco a pouco sereando. No venerabel sulco das suas enrugos ficaban tremecentes as bágoas; as suas mans exitadas por tremor senil, faguían oscilare a cruz e as medallas do rosario; incrinouse golpeando o peito e bicou a terra con unción.

—¿Remataches?

Ela xuntóu as mans con eisaltazón cristiana.

—Fáigase, Xesús, a tua diviña vountade!

Mais cando ollóu ó terrible vello botárese a carabina á cara a apuntar, ergueuse arripiada e corréu hacia él cós brazos abertos.

—¡Non me mates! ¡Non me mates pol-a yalma del...

Sonóu o tiro, e caeu en medio do camiño coá fronte furada.

O cabecilla alzóu da areia ensanguentada o seu rosario de faucioso, bicóu o crucifixo de bronce, e sin deterse a carregar a escopeta, fuxéu en direzón da montana.

Ollara faguía un momento no outo da trocha, os tricornos enfundados de dous guardias civiles.

Confeso que cando o bon Urbino Pimentel contoume ista historia terribel, tremei lembrando a maneira d'abondo eispresiva con que despedía na Venta de Brandeso ó antigo faucioso, farto de acatare e vountade solapada e granítica de aquela esfinxe tallada en vello e lucidio carballo.




Nota: As ilustracións utilizadas nestes textos, proceden da edición de 1903 de *Jardín umbrío*, que se atopa na Real Academia Galega.



CONCELLO DE
VILANOVA DE AROUSA



REPSOL
YPF



PREMIOS
DEPUTACIÓN DA CORUÑA



PREMIO DE ENSAIO
"MANUEL MURGUÍA"

Admisión de orixinais ata: 30 de setembro de 2004

PREMIO DOTADO CON 6.050 €



VI PREMIO DE FOTOGRAFÍA
"LUIS KSADO"

Admisión de orixinais ata: 30 de setembro de 2004

PREMIO DOTADO CON 6.050 €



PREMIO DE LITERATURA
INFANTIL E XUVENIL
"RAÍÑA LUPA"

Admisión de orixinais ata: 16 de agosto de 2004

PREMIO DOTADO CON 6.050 €



DEPUTACIÓN
DA
CORUÑA
www.dicoruna.es

Asociación "Amigos de Valle-Inclán"

Servicio de Publicacións

**Solicitud de suscripción anual ó SERVICIO DE PUBLICACIÓNs
correspondente o ano 2004**

TÍTULOS:

Revista:

Cuadrante nº8 (Xaneiro 2004)

Cuadrante nº9 (Xullo 2004)

Libros:

JAVIER SERRANO: *El Arte del Elogio. Eduardo Gómez de Baquero, Andrenio, lector ideal de Ramón del Valle-Inclán*

VICTOR VIANA: *Los otros Valle*

Importe da suscripción a estas publicacións: 30 euros

(As publicacións enviaranse ó longo do ano conforme se publiquen)

Boletín de suscripción

SERVICIO DE PUBLICACIÓNs

- ☐ Desexo suscribirme ás publicacións do ano 2004 do Servicio de Publicacións da Asociación "Amigos de Valle-Inclán" polo importe de 30 euros (incluidos os gastos de envío)

Nome:

Enderezo:

Código Postal: Localidade

Provincia: Teléfono

FORMA DE PAGO:

☐ Talón bancario

☐ xiro postal nº

☐ Domiciliación bancaria: Titular

Banco/Caixa:

Nº conta (20 díxitos):

Asinado:




Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Revista de Estudos Valdeinclanianos e Históricos

ISSN 1698-3971



9 771698 397000

P.V.P.

5 €